

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

17652 *Real decreto 1669/2009, do 6 de novembro, polo que se modifica a norma de etiquetaxe sobre propiedades nutritivas dos produtos alimenticios, aprobada polo Real decreto 930/1992, do 17 de xullo.*

A norma de etiquetaxe sobre propiedades nutritivas dos produtos alimenticios, aprobada polo Real decreto 930/1992, do 17 de xullo, e modificada polo Real decreto 2180/2004, do 12 de novembro, incorpora ao ordenamento xurídico interno a Directiva 90/496/CEE do Consello, do 24 de setembro de 1990, relativa á etiquetaxe sobre propiedades nutritivas dos produtos alimenticios, e a Directiva 2003/120/CE da Comisión, do 5 de decembro de 2003, pola que se modifica a anterior directiva.

No referido real decreto indícase que cómpre definir a fibra alimentaria e que esta definición se realizará a nivel comunitario.

No anexo do Regulamento (CE) n.º 1924/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de decembro de 2006, relativo ás declaracións nutricionais e de propiedades saudables nos alimentos, establécense as condicións para efectuar declaracións nutricionais tales como «fonte de fibra» ou «alto contido de fibra».

O expresado neste preámbulo procede do razoamento exposto na Directiva 2008/100/CE da Comisión, do 28 de outubro de 2008, pola que se modifica a Directiva 90/496/CEE do Consello, relativa á etiquetaxe sobre propiedades nutritivas dos produtos alimenticios, no que respecta ás cantidades diarias recomendadas, aos factores de conversión da enerxía e á definición de fibra alimentaria.

Na definición de fibra alimentaria débese ter en conta o traballo do Codex Alimentarius e a declaración relativa á fibra alimentaria que realizou o 6 de xullo de 2007 a Comisión Técnica Científica de Produtos Dietéticos, Nutrición e Alerxias da Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria.

A fibra alimentaria consumíuse tradicionalmente como material vexetal e ten un ou varios efectos fisiolóxicos beneficiosos, tales como reducir o tempo do tránsito intestinal, incrementar o volume das feces, ser fermentable pola microflora do colon, reducir os niveis de colesterol total e colesterol LDL en sangue, reducir a glicosa posprandial en sangue ou reducir os niveis de insulina en sangue. As probas científicas máis recentes demostran que se poden obter efectos fisiolóxicos beneficiosos similares doutros polímeros de hidratos de carbono que non son dixestibles e que non se encontran de forma natural nos alimentos tal como se consomen. Por conseguinte, é pertinente que na definición de fibra alimentaria se inclúan polímeros de hidratos de carbono con un ou varios efectos fisiolóxicos.

Os polímeros de hidratos de carbono de orixe vexetal que se axustan á definición de fibra alimentaria poden estar estreitamente asociados na planta con lignina ou outros compoñentes diferentes dos hidratos de carbono tales como compostos fenólicos, ceras, saponinas, fitatos, cutina e fitoesteroides. Estas substancias, cando están estreitamente asociadas con polímeros de hidratos de carbono de orixe vexetal e se extraeron cos polímeros de hidratos de carbono para analizar a fibra alimentaria, pódense considerar fibras alimentarias. Porén, cando están separadas dos polímeros de hidratos de carbono e se engaden a un alimento, esas substancias non se deben considerar fibra alimentaria.

Por outro lado, os novos coñecementos científicos e tecnolóxicos fan preciso modificar a lista de factores de conversión do valor enerxético.

No informe dun taller técnico da FAO titulado Food energy-methods of analysis and conversion factor «Enerxía dos alimentos, métodos de análise e factores de conversión» indícase que se considera fermentable o 70 por cento da fibra alimentaria en alimentos tradicionais. Por conseguinte, é conveniente que o valor enerxético medio para a fibra alimentaria sexa de 8 kJ/g (2 kcal/g).

O eritritol pódese usar nunha ampla variedade de alimentos e utilízase, entre outras cousas, como substituto de nutrientes tales como o azucre cando se desexa obter un valor enerxético menor.

O Comité Científico da Alimentación Humana, no seu ditame sobre o eritritol, emitido o 5 de marzo de 2003, observou que a enerxía proporcionada por esta substancia é inferior a 0,9 kJ/g (menos de 0,2 kcal/g). Por conseguinte, é conveniente adoptar un factor de conversión da enerxía apropiado para o eritritol.

No anexo do Real decreto 930/1992 enuméranse as vitaminas e minerais que se poden declarar na etiquetaxe sobre propiedades nutritivas, especificanse as súas cantidades diarias recomendadas (CDR) e defínese unha regra sobre o que constitúe unha cantidade significativa. O obxectivo desta lista de CDR é proporcionar valores para a etiquetaxe sobre propiedades nutritivas e o cálculo do que constitúe unha cantidade significativa.

A regra sobre a cantidade significativa, tal como se define no anexo do Real decreto 930/1992, que incorporou a Directiva 90/496/CEE, constitúe unha referencia noutras disposicións nacionais, en particular no punto 2 do artigo 7 do Real decreto 1275/2003, do 10 de outubro, relativo aos complementos alimenticios, e en normas comunitarias, tales como a recollida no anexo do Regulamento (CE) n.º 1924/2006 do Parlamento e do Consello, do 20 de decembro de 2006, sobre declaracións nutricionais e de propiedades saudables dos produtos alimenticios, e no artigo 6, punto 6, do Regulamento (CE) n.º 1925/2006 do Parlamento e do Consello, do 20 de decembro de 2006, sobre a adición de vitaminas, minerais e outras substancias determinadas aos alimentos.

As CDR enumeradas no anexo do Real decreto 930/1992 baséanse na recomendación da reunión de consulta de expertos organizada pola FAO e a OMS en Helsinqui en 1988.

Co fin de asegurar a coherencia con outras disposicións nacionais, a lista actual de vitaminas e minerais e os seus CDR débese actualizar en función da evolución dos coñecementos científicos producidos desde 1988.

O Comité Científico da Alimentación Humana, no seu ditame sobre a revisión dos valores de referencia para a etiquetaxe sobre propiedades nutritivas, emitido o 5 de marzo de 2003, incluíu valores de referencia para adultos na etiquetaxe. Este ditame recolle as vitaminas e minerais que se enumeraban no anexo I do Real decreto 1275/2003 e no anexo I do Regulamento (CE) n.º 1925/2006.

Procede, por tanto, modificar o anexo do Real decreto 930/1992, do 17 de xullo.

Mediante este real decreto procédese a incorporar ao noso ordenamento xurídico interno a Directiva 2008/100/CE da Comisión, do 28 de outubro de 2008, pola que se modifica a Directiva 90/496/CE do Consello, relativa á etiquetaxe sobre propiedades nutritivas dos produtos alimenticios, no que respecta ás cantidades diarias recomendadas, aos factores de conversión da enerxía e ás definicións.

Na elaboración deste real decreto foron oídas as comunidades autónomas, os sectores afectados e foi emitido o preceptivo informe pola Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Sanidade e Política Social, de Industria, Turismo e Comercio e de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, de acordo co Consello de Estado e logo da deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 6 de novembro de 2009,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación da norma de etiquetaxe sobre propiedades nutritivas dos produtos alimenticios, aprobada polo Real decreto 930/1992, do 17 de xullo.*

A norma de etiquetaxe sobre propiedades nutritivas dos produtos alimenticios, aprobada polo Real decreto 930/1992, do 17 de xullo, queda modificada como segue:

Un. O número 10 do artigo 3 queda redactado do seguinte modo:

«10. «Fibra alimentaria»: os polímeros de hidratos de carbono con tres ou máis unidades monoméricas, que non son dixeridos nin absorbidos no intestino delgado humano e que pertencen ás categorías seguintes:

Polímeros de hidratos de carbono comestibles presentes de modo natural nos alimentos tal como se consomen.

Polímeros de hidratos de carbono comestibles que se obtiveron a partir de materia prima alimenticia por medios físicos, enzimáticos ou químicos e que teñen un efecto fisiolóxico beneficioso demostrado mediante probas científicas xeralmente aceptadas.

Polímeros de hidratos de carbono comestibles sintéticos que teñen un efecto fisiolóxico beneficioso demostrado mediante probas científicas xeralmente aceptadas.»

Dous. Engádense no artigo 6 os seguintes parágrafos:

«h) Fibra alimentaria: 2 kcal/g = 8 kJ/g.

i) Eritritol: 0 kcal/g = 0 kJ/g.»

Tres. Substitúese o anexo da norma de etiquetaxe sobre propiedades nutritivas dos produtos alimenticios polo seguinte texto:

«ANEXO

Vitaminas e minerais que se poden declarar e as súas cantidades diarias recomendadas (CDR)

Vitamina A (μg): 800.
Vitamina D (μg): 5.
Vitamina E (mg): 12.
Vitamina K (μg): 75.
Vitamina C (mg): 80.
Tiamina (mg): 1,1.
Riboflavina (mg): 1,4.
Niacina (mg): 16.
Vitamina B₆ (mg): 1,4.
Ácido fólico (μg): 200.
Vitamina B₁₂ (μg): 2,5.
Biotina (μg): 50.
Ácido pantoténico (mg): 6.
Potasio (mg): 2000.
Cloruro (mg): 800.
Calcio (mg): 800.
Fósforo (mg): 700.
Magnesio (mg): 375.
Ferro (mg): 14.
Zinc (mg): 10.
Cobre (mg): 1.
Manganeso (mg): 2.
Fluoruro (mg): 3,5.
Selenio (μg): 55.
Cromo (μg): 40.
Molibdeno (μg): 50.
Iodo (μg): 150.

Por regra xeral, para decidir o que constitúe unha cantidade significativa, considérase un 15 por cento da cantidade recomendada especificada neste anexo e subministrada por 100 gramos ou 100 ml ou por envase, se este contén unha única porción.»

Disposición transitoria única. *Prórroga de comercialización.*

Ata o 30 de outubro de 2012 poderanse seguir comercializando os produtos alimenticios que cumpran coa normativa vixente con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.16.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade.

Disposición derradeira segunda. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto incorpórase ao dereito español a Directiva 2008/100/CE da Comisión, do 28 de outubro de 2008, pola que se modifica a Directiva 90/496/CEE do Consello, relativa á etiquetaxe sobre propiedades nutritivas dos produtos alimenticios, no que respecta ás cantidades diarias recomendadas, aos factores de conversión da enerxía e ás definicións.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 6 de novembro de 2009.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ